



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DO PLENO DE LOUSAME

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 19 DE DECEMBRO DE 2018

ASISTENTES:

Alcaldesa:

M^a Teresa Villaverde Pais (GPM PP)

Concelleiros:

Ramón Manuel Martínez Rial (GPM PP)
María Regenjo Vázquez (GPM PP)
Ramón García Conde (GPM PP)
Silvia Agrafojo Filgueira (GPM PP)
Julio M. D. Paradela Busto (GPM PSdG-PSOE)
Beatriz González Bargo (GPM PSdG-PSOE)
Iván Bermúdez Castro (GPM PSdG-PSOE)

Ausentes:

Ramón Figueroa Pérez (GPM PP)
Lucía Rodríguez Cao (GPM PT)
Amador Turnes Núñez (GPM BNG)

Secretaría-Interventora:

Paula Ares Otero

Na localidade de Lousame (A Coruña), sendo as **09:15 horas** do día **19 de decembro de 2018**, no Salón de Plenos do Concello de Lousame, réunese a **Corporación Municipal en Pleno**, en sesión **EXTRAORDINARIA**, baixo a Presidencia de **D^a. M^a Teresa Villaverde Pais**, coa asistencia e ausencia dos concelleiros que se enumeran ao marxe.


A Corporación está asistida pola Secretaría-Interventora do Concello, D^a. Paula Ares Otero, que da fe do acto.

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE RESOLUTIVA:

1. Aprobación, se procede, da participación do Concello de Lousame no Plan Único cos Concellos (POS+ 2019)





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE LOUSAME NO PLAN ÚNICO COS CONCELLOS (POS+ 2019)

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO CORPORATIVO, SOBRE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA PARTICIPACIÓN NO PLAN ÚNICO DE CONCELLOS "POS+ 2019"

<<Vistas as Bases Reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019", publicadas no BOP núm. 188 do 02.10.2018, este Pleno Corporativo, ACORDA:

PRIMEIRO: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2019", "achega provincial 2018" e "préstamo provincial 2019":

A) Financiamento do pago a provedores:


	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	218.464,37
Subtotal gasto corrente	218.464,37

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Subtotal investimentos achega provincial 2019			
--	--	--	--

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostíbles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PAVIMENTACIÓN VIAL DE CAMBOÑO A CRUCE ARXELLAS (CAMBOÑO) E OUTROS	179.580,30	0,00	92.828,68
Subtotal investimentos achega provincial 2018	179.580,30	0,00	179.580,30

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
PAVIMENTACIÓN EN BÉXERES E OUTROS	150.039,68	0,00	150.039,68
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	150.039,68	0,00	150.039,68

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018			
	Achega 2019			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	218.464,37		218.464,37
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019			
	Achega 2018	179.580,30	0,00	179.580,30
	Préstamo 2019	150.039,68	0,00	150.039,68
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019			





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

TOTAL	Achega 2019	218.464,37	0,00	218.464,37
	Achega 2018	179.580,30	0,00	179.580,30
	Préstamo 2019	150.039,68	0,00	150.039,68
	TOTAL	548.084,35	0,00	548.084,35

SEGUNDO: Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS EN FILGUEIRA E OUTRO	53.480,44
PAVIMENTACIÓN VIAL DE SERVIA A ESTRADA PADRÓN-PORTOBRAGO	83.540,67
TOTAIS	137.021,11

TERCEIRO: Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO: Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

QUINTO: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

SEXTO: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SÉTIMO: Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.>>

Lousame, a 14 de decembro de 2018
A Alcaldía
M^a Teresa Villaverde Pais





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa explica que o outro día, na Comisión de Seguimento e Control, trouxéronse as obras e puxéronse os proxectos a disposición dos GPM. Están incorporados os informes oportunos que ten toda a Corporación no seu poder.

A cantidade total do POS+ 2019 que lle corresponde ao Concello de Lousame son 548.084,35 €; cunha diferenza en menos respecto ao pasado de case 80.000 €. Espera que ao longo do ano isto se poida corrixir, porque senón as Deputacións estarían deixando de exercer a única competencia que ten sentido: axudar aos pequenos Concellos. E así o manifesta en todos os sitios. Xa que temos un montón de necesidades, poucos recursos e pouco persoal. Así precisamos dunha discriminación positiva e non unha discriminación negativa. Así hai que ter en conta outros parámetros para o reparto, como a dispersión territorial e o custe efectivo dos servizos en cada Concello; que sempre son máis elevados que nas grandes poboacións. Hai que ter isto en conta para no futuro introducir algún que outro indicador máis na fórmula de reparto.

A Alcaldesa tamén incide no informe da intervención sobre a parte que vai solicitada como préstamo provincial. A repercusión que ten no orzamento municipal o feito que haxa unha parte do POS+ 2019 que non se outorgue como subvención, senón como préstamo, que inflúe na estabilidade, regra do gasto, etcétera. Así, neste ano 2019 vaise contratar o Préstamo Provincial 2018 e probablemente o Préstamo Provincial 2019, polo que si poderían verse afectados estes parámetros. Até o de agora non afectaron, pero hai que fiar moi fino, e ás veces é imposible evitar incumplir eses parámetros. Como Alcaldesa gustaríalle que os recursos se lle desen ao Concello sen ser vía préstamo. De tódalas normas, os Concellos son os que levan sempre a parte peor, e por riba son os que teñen que dar a atención directa aos cidadáns.

A continuación a Alcaldesa pasa a explicar cada un dos investimentos e partidas que se solicitan dentro do POS+ 2019.

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións.

D. Julio M. D. Paradela Busto quere poñer de manifesto a falta de comunicación do equipo de goberno para tratar de consensuar as obras co resto de grupos da oposición. Tódalas obras son importantes, todas as obras son necesarias e por iso van aprobar o Plan, pero quería deixar constancia desta circunstancia.

A Alcaldesa sinala que se levantou con boa vontade e non lle gusta nada que o Sr. Paradela Busto tivera feito este comentario. Por suposto que é libre para facelo. Pero ao dicir iso, obrígalle a ela a contestar a ese comentario. Gustaría facelo en privado e non en público, pero vese obrigada a facelo. Cando o POS sae publicado no BOP todos os grupos empezamos a traballar nel. E fai uns días convocouse unha Comisión de Seguimento e Control, cuxo único punto era Obras 2019. E o Sr. Paradela Busto non ten que traer ningún proxecto feito, senón simplemente facer aportacións... e dicir, ao noso

5



Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria do día 19.12.2018



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

grupo lle interesa que se inclúan estas obras. E o GPM do PP diría... pois nós temos memorias ou proxectos de estas outras obras. E entre todos, habería que quitar unhas e meter outras e consensuar.

O Sr. Paradela Busto pregunta que dixo el nesa Comisión.

A Alcaldesa responde que o Sr. Paradela Busto dixo que lle parecían ben as obras que propoñía o equipo de goberno.

O Sr. Paradela Busto pregunta que máis dixo.

A Alcaldesa engade que o Sr. Paradela Busto botaba en falta obras de saneamento e nada máis.

O Sr. Paradela Busto di que naquela Comisión de Seguimento e Control solicitou que se mirase de solucionar o problema tecnolóxico que había no Concello, tanto coa rede da televisión como con internet.

A Alcaldesa di que si, que efectivamente o dixo, e que o seu GPM tamén comparte ese interese co GPM do PSdG-PSOE. Pero esa competencia non é do Concello. E as actuacións municipais que se puideran por en marcha non encaixan dentro do POS+ 2019.

O Sr. Paradela Busto di que a competencia de solucionar as cousas sempre é do Alcalde.

A Alcaldesa pídelle ao Sr. Paradela Busto que a deixe explicarse. Prégalle que non a interrompa. Dende o primeiro momento tanto a Alcaldesa como o equipo de goberno están interesados neses temas de acceso ao TV e a internet. E fixéronse moitas xestións para conseguilo. Xa empezaron a reforzar o servizo de internet nalgúns zonas, e a ela lle gustaría que fose en todas. Levamos diferentes técnicos para poder ver cal sería a solución para as zonas máis difíciles. E as empresas non garanten que a colocación dun reemisor sexa efectivos, porque hai grandes dificultades técnicas. Pero repite, que estas actuacións non son para enmarcar dentro das obras do POS da Deputación Provincial. Aos problemas tecnolóxicos tamén se une o problema da subministradora da luz; así na parroquia de Tállara, fallou un reemisor. A empresa foi mirar que sucedeu e o fallo foi provocado pola subministración eléctrica, xa que hai continuas subidas e baixadas de potencia da enerxía eléctrica. Xa consta o informe escrito para remitir á empresa subministradora da luz. Con esas subidas e baixadas tan bruscas o reemisor bloqueáase. A xente chama pensando que non hai sinal, pero o problema está na subida e baixada da potencia da luz. O Concello seguirá facendo todo o que estea na súa man para solucionar estes problemas... pero non son actuacións que poidan ser obxecto do POS da Deputación. En canto aos saneamentos o Concello seguirá facendo investimentos nese sentido. Todos os anos hai pequenas actuacións por parte do Concello e tamén actuacións financiadas por outras Administracións Públicas.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos oito (8) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<Vistas as Bases Reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019", publicadas no BOP núm. 188 do 02.10.2018, este Pleno Corporativo, ACORDA:

PRIMEIRO: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2019", "achega provincial 2018" e "préstamo provincial 2019":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			


B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	218.464,37
Subtotal gasto corrente	218.464,37

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2019			

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostíbeis)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PAVIMENTACIÓN VIAL DE CAMBOÑO A CRUCE ARXELLAS (CAMBOÑO) E OUTROS	179.580,30	0,00	92.828,68
Subtotal investimentos achega provincial 2018	179.580,30	0,00	179.580,30

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
PAVIMENTACIÓN EN BÉXERES E OUTROS	150.039,68	0,00	150.039,68
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	150.039,68	0,00	150.039,68


Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018			
	Achega 2019			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	218.464,37		218.464,37
C- INCREMENTOS	Achega 2019			
	Achega 2018	179.580,30	0,00	179.580,30
	Préstamo 2019	150.039,68	0,00	150.039,68
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019			
TOTAL	Achega 2019	218.464,37	0,00	218.464,37
	Achega 2018	179.580,30	0,00	179.580,30
	Préstamo 2019	150.039,68	0,00	150.039,68





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

E non habendo outros asuntos dos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás nove horas e corenta minutos (09:40 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.


A ALCALDESA-PRESIDENTA

María Teresa Villaverde Pais



A SECRETARIA-INTERVENTORA

Paula Ares Cero





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	TOTAL	548.084,35	0,00	548.084,35
--	--------------	------------	------	------------

SEGUNDO: Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS EN FILGUEIRA E OUTRO	53.480,44
PAVIMENTACIÓN VIAL DE SERVIA A ESTRADA PADRÓN-PORTOBRAGO	83.540,67
TOTAIS	137.021,11

TERCEIRO: Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO: Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

QUINTO: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

SEXTO: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SÉTIMO: Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.>>

